



O IES A Sangriña, á espera da confirmación polas canles normativas oficiais da resolución da CEUFP pola que se reinicia a actividade lectiva no curso 2019-20 e se determinan as instrucións para o que resta do presente curso así como a adopción das medidas de prevención e hixiene para a reapertura parcial dos centros de ensino non universitario, todas elas previsións suxeitas á declaración por parte do Goberno do Estado de entrada da Comunidade de Galiza en fase 2 de desescalada, pola presente

INFORMA

1. A Dirección do IES A Sangriña establece como **día de reinicio para a actividade lectiva presencial** para o alumnado de cursos pretitulación de ensino non obrigatorio que voluntariamente así a demanden, o **MARTES 26 DE MAIO**.
2. O alumnado que pode voluntariamente asistir ás clases será o de **segundo curso de Bacharelato, segundo curso de Ciclos de FP Medio e Superior, e segundo curso de FPB**.
3. As clases se reiniciarán para o alumnado de **SEGUNDO DE BACHARELATO CO MESMO HORARIO** que os grupos tiñan durante o período presencial anterior ao 13 de marzo. Os segundos de Ciclos de FP Medio e Superior poderán adaptar o seu horario de xeito semellante ao procedemento a seguir tódolos anos despois da segunda avaliación.

A. MEDIDAS DE HIXIENE E PROTECCIÓN

As medidas de hixiene e protección que o centro aplicará para a reanudación das clases seguirán o disposto no *protocolo de medidas de prevención na reapertura dos centros educativos para a actividade lectiva e académica durante o curso 2019-2020*, que a CEUFP ven de redactar e que se achegarán coa resolución oficial de reinicio das clases e que son, a saber:

1. O reinicio da actividade lectiva queda suxeito á seguridade sanitaria que ha de estar garantida pola dirección dos centros. Todo o persoal do centro e o alumnado está suxeito á observancia estrita das mesmas.
2. Será **obrigatorio o uso das máscaras en todas as instalacións do centro** tal e como recolle o BOE na *Orde SND/422/2020 do 19 de maio pola que se regulan as condicións para o uso obrigatorio de máscara durante a situación de crisis*



sanitaria ocasionada polo COVID-19. O centro conta cunha reserva de máscaras adquiridas contra os fondos de funcionamento do instituto.

3. A entrada e a saída das instalacións farase por accesos individualizados.
4. O persoal do centro (profesorado e conserxes) garantirán a **entrada e saída escalonada** de usuarios **obrigando a respectar a distancia de seguridade**.
5. A dirección cara os **accesos ás aulas estará debidamente sinalizada** sendo **obrigatoria a deambulación por ela**. Asemade estableceranse liñas de deambulación para a **saída e evacuación das aulas** e do centro a cal tamén se fará gardando a distancia de seguridade.
6. As clases estarán **configuradas respectando a distancia mínima de seguridade** en cada un dos postos (dous metros). Dita configuración **NON pode ser alterada** baixo ningunha circunstancia. En todo caso, o **número de alumnado máximo** por aula será de **15**.
7. Haberá un **dispensador de solución hidroalcohólica na entrada de cada aula**. Será **obrigatorio o lavado de mans antes de acceder á aula e despois** de cada período lectivo.
8. O **servizo de limpeza hixienizará**, en cada remate das clases, **elementos como teclados e mesas de profesorado**.
9. Os **aseos serán hixienizados tres veces durante o transcurso de cada xornada lectiva**.
10. **Limitarase ao mínimo posible a entrega e o emprego de documentos** en formato físico.
11. Todo material de hixiene persoal (máscaras, luvas etc) serán depositados en **contenedores especiais establecidos estratéxicamente** ao efecto no centro.
12. A **Dirección do centro** asume a responsabilidade de **garantir as medidas pasivas de hixiene e seguridade** e ostentará a **plena potestade de aplicar de xeito inmediato as medidas pertinentes** para atallar comportamentos incívicos de aqueles/as usuarios/as que non cumplan as medidas de hixiene e protección estipuladas ou que a súa actitude represente un risco para o estado de saúde do resto dos usuarios ou do persoal do centro.



B. MEDIDAS ORGANIZATIVAS.

Co obxecto de garantir a viabilidade e a seguridade sanitaria do reinicio das clases, as medidas de organización adoptadas son as seguintes:

1. O **HORARIO para 2º de BACHARELATO é o MESMO HORARIO** de antes do 13 de marzo.
2. Habilítanse **NOVAS AULAS DE REFERENCIA** para os segundos de bacharelato que serán:

CURSO	NOVAS AULAS DE REFERENCIA
2º Bach A	50 e 51
2º Bach B	16 e 19
2º Bach C	37 e 38
2º Bach D	39 e 40

Nota: Para **segundos de Ciclos de FP Grado Medio e Superior** e para **segundo de FPB** se manteñen as **mesmas aulas de referencia** ás que terá que acudir o alumnado.

3. Cada Aula de referencia *constará de dúas aulas* ao fin de poder garantir o requisito hixiénico e de seguridade de distancia e de ocupación máxima de 15 alumnos/as. Para atender ao desenvolvemento lectivo das materias comúns ou de modalidade de 2º Bach A e B nas que, debido ao número potencial de alumnado asistente (atendendo ao alumnado matriculado), se precise a ocupación destas dúas aulas, os Departamentos implicados establecerán unha quenda de profesorado de apoio que atenderá ao mencionado *desdobre*. As Xefaturas destes departamentos deberán informar á Xefatura de Estudos desta quenda antes das 14:00 horas do luns 25.
4. Naquelas **materias de modalidade ou específicas** nas que algún/unha dos alumnos/as de 2º BACH A e B necesitaban cambiar de aula anteriormente, agora o farán á **AULA 45**.

A Guarda a 21 de maio de 2020

O DIRECTOR.

Asdo: Carlos Alonso Rey